



REVISTA ESCOLAR ESPERPENTO

Nº 33 XUÑO 2013



**CEIP CAMPOLONGO-PONTEVEDRA
PATROCINADA POLA ANPA S. XOSÉ**



ELISA
GONZÁLEZ VILLAR



MERCEDES
MÁRQUEZ RODRÍGUEZ



MONTSERRAT
DE LA VEGA CASTIÑEIRAS



SEBASTIÁN
VILAS GONZÁLEZ



JOSÉ MANUEL
SÁNCHEZ MOURE



JOSÉ MANUEL
CARRAL FERRADÁS



MAGDALENA
GAMALLO FARIÑA



Mª REYES
CARBALLO CARBALLO



Mª CARMEN
MIRAGALLAS DE LOS REYES

CEIP "CAMPOLONGO" PONTEVEDRA

EDUCACIÓN INFANTIL 2012 - 2013



MANEL
ABOY RACHETTO



BRUNO
ADRIO CAL



HUGO
AMEAL VILLVERDE



JULIETA
AQUINO FAJARDO



PAULA
AYUDE TILVE



ELÍAS
BUDIÑO RODRÍGUEZ



REBECA
GONZÁLEZ LORENZO



JACOBO
GONZÁLEZ GUERRERO



LAURA
GARCÍA CORREDOIRA



LUCAS
DEVESA PARCERO



RAÚL
CIVES MÉNDEZ



ANTÍA
CASAS MORQUECHO



SARA
CARBALLO MUÑIZ




LAURA
CARBALLA RODRÍGUEZ



ANA
CALVO RODRÍGUEZ



DANIEL
MÉNDEZ SOUTO



MATEO
PARRA TORRES



SERGIO
PEÓN VÁZQUEZ



ALESANDRO
PEREIRA LÓPEZ



CARLA
PICHEL GARCÍA



IVANA ARACELI
SALOMÓN GARRIDO



PILAR
SANTIAGO FERREIRA



SARA
TOBÍO PÉREZ



ANA
TRABAZO TORRES



VIVIANA
VILLVERDE RESURRECCIÓN



SUMARIO

Sumario.....	1
Editorial.....	2
Ano internacional da enerxía.....	3
Comisión de nais e pais para a excursión de sexto.....	4-5
Bonitos libros.....	6
Gústame falar.....	7
A lingua.....	8
Trábaseme a lingua.....	9
Amizade.....	10
A apócema de Sabela.....	11
A auga.....	12
Os animais din.....	13
O outono.....	14
O magosto.....	15
Para min Galicia é.....	16-17
Contos e feitizos no Samaín.....	18
Ano internacional da Quinoa.....	19
O Nadal.....	20
O apalpador.....	21
A Paz.....	22-23
Obradoiro de cociña.....	24
Cabaliño xigante.....	25
O Entroido.....	26
Yogote.....	27
Un ano de ciencia por diante.....	28
O meu can Gogó.....	29
Rosalía para sempre.....	30-31
A camelia.....	32-36
Proxecto UNESCO a través dos poemas do mundo.....	37
Un libro é.....	38
Entrevista a Alberto Escobar.....	39
Maio 2013.....	40-41
Xornadas deportivas na rúa e na escola.....	42
Enredos e instrumentos musicais.....	43
Roberto Vidal Bolaño.....	44
Nós tamén creamos.....	45
Visita á granxa Apípolis.....	46-52
Por que as aves migran.....	53
Excursión á Coruña.....	54-55
Na aula si... pero fóra tamén aprendemos.....	56-59
Excursión de 4º a Porto.....	60
Trotacontos.....	61
XIX edición Ponte nas Ondas.....	62
Premio Leixaprén.....	63
A nosa biblioteca.....	64-65
Adiviñas e mentiras.....	66-67
Pasatempos.....	68-69
Bicicleta co medio.....	70
Memoria das actividades da ANPA.....	71
Remata o curso.....	72

EDITORIAL



A comunidade educativa do CEIP Campolongo ten a ledicia e o privilexio de abrir una nova edición da revista escolar "Esperpento".

Presentamos esta anovada entrega co alicerce de achegar e difundir a nosa realidade educativa e lingüística, reflectida nas páxinas deste voceiro, onde se lembran moitos dos bos momentos acontecidos ao longo deste ano.

Nesta angueira participada e de encontro, queremos agradecer a colaboración da **ANPA S. Xosé**, especialmente a axuda económica que nos permite seguir adiante coa publicación escrita da revista.

Seguimos manifestando o noso compromiso firme coa lingua, alentando a valorización formativa do uso do galego, desde unha reflexión positiva, coa arela de sementar un porvir proveitoso a prol da fala.

Como educadores, precisamos tomar conciencia da enorme importancia que adquire a escola pública como ben social e depositaria de valores e instrumentos onde se protexe e se respecta a igualdade de oportunidades; polo que inequivocamente apostamos por este servizo público, como garante da calidade e da eficacia, no proxecto de presentar un futuro mellor para as xeracións vindeiras.

Queremos amosar o noso recoñecemento e agarimo a María Pilar Nieto Franco, Mercedes Márquez Rodríguez, Josefa Otero González e Jesús Iglesias Pino nese paso á xubilación, despois de longos anos de traballo, cunha traxectoria de proveitoso maxisterio e incondicional entrega a ensinanza pública.

Felicitamos ao alumnado de 6º que con dedicación rematou a primaria. Esperamos que a seguinte etapa que comezades sexa de proveito. De Campolongo levades un cartafol acugulado dos mellores desexos, na certeza de que os vosos esforzos se verán recompensados cunha morea de éxitos.

Remata o ano escolar co mes de xuño, e todos agardamos ao verán anunciando unhas merecidas vacacións que veñen atesouradas de cálidos aconteceres e cos petos cargados de sorrisos.

ENL DO CEIP CAMPOLONGO

Revista: Esperpento Nº 33
Ano de publicación: 2013
Colabora: Comunidade Educativa de Campolongo
Dirección e coordinación: Equipo de
Normalización Lingüística
Patrocinada pola ANPA SAN XOSÉ
O noso agradecemento a todos os que
colaboraron na elaboración da Revista






2012 ANO INTERNACIONAL DA ENERXIA SOSTIBLE



Finaliza o Ano Internacional da Enerxía Sostible coa reflexión de que desenvolver estratexias para aforrar a eficiencia enerxética é o máis rápido e barato para reducir a demanda de enerxía mundial e as emisións de dióxido de carbono.



Esta cuestión non significa renunciar á comodidade : búscase o mesmo nivel de calidade pero consumindo menos.



O aforro puidese ser fundamental para o noso futuro.

Os expertos recomentan intervir nos illamentos dos edificios, cambio nos procesos industriais e o desenvolvemento de vehículos máis lixeiros e aerodinámicos.



Jesús Nicolás Díaz Boullosa 5ºA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN

ANPA San Xosé CEIP Campolongo
Avda. Xeneral Rubín,3 36001 Pontevedra. TLF. 635651616
CIF: G36018364 sanxosecampolongo@yahoo.es



COMISIÓN DE NAIS E PAIS PARA A EXCURSIÓN DE SEXTO



Ola, chámome **Eva**: hai xa algún tempo, que embarquei xunto con **Pili** e **Rosa**, nun cruceiro fantástico chamado "*Comisión de nais e pais para a excursión de sexto*".

Principiamos a viaxe acompañados de **Carlos**, pero tivo que abandonar o barco logo da primeira travesía.

Ao longo desta viaxe tivemos que facer moitas paradas e atracamos en diferentes portos de lugares moi variados.

A nosa primeira escala foi, nada máis comezar, unha festa que nunca antes se fixera nesta escola, e á que chamamos "*Primeira festa do Samaín*". Aquí pasamos moito medo entre mortos viventes, fantasmas, bruxas, vampiros e demais, pero tamén nos divertimos moito cos xogos tradicionais e os premios.



Tivemos algo de marusía cando houbo que organizar a venda de bombóns, flores de Pascua e rifas para unha cesta de Nadal, pero logo duns días, o temporal calmou e continuamos a viaxe ata chegar a outro porto o que denominamos "*Entroido*". Aquilo era increíble, había xente de todo tipo: fadas, policías, superheroes, princesas, pallasos, cociñeiros; miramos a un oso moi peludo e ata a unha galiña!

Foi moi divertido, tamén había música, xogos para os máis pequenos no comedor do cole, e como non, uns doces e lambetadas para merendar, aos que non nos puidemos resistir.

Marchamos daquela festa, para parar ao pouquiño tempo noutra, "*A festa do Ensino*", non nos deixou un sabor de boca tan agradable coma as anteriores, porque pasamos moito frío, e o lugar (paseo do Miradoiro de Monteporreiro) non estaba acondicionado.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN

ANPA San Xosé CEIP Campolongo

Avda. Xeneral Rubín, 3 36001 Pontevedra. TLF. 635651616

CIF: G36018364 sanxosecampolongo@yahoo.es



Pasaron os días e chegou a primavera, e con ela *"Os Maios"*, foron días de moito traballo apañando, seleccionando e cosendo fiúncho e pampullos, comemos máis ovos neses días que en todo un mes, fomos roubar camelias, calas e laranxas do po (non llo digas a ninguén...), pero o fin, case as 05:00h da mañá do primeiro de Maio, rematamos o maio do CEIP Campolongo.

O día dez do mesmo mes, atracamos na

"Primeira festa dos Deportes", aquí

fixemos exercicio dabondo e recuperámonos todos merendando cos doces, que coma sempre, nos prepararon os pais e nais dos nenos de sexto. Os pequenos xogaron no pavillón elaboraron xoguetes, fixeron un circuito de actividades diversas e tamén carreiras de sacos. Os máis andadiños, tiraron á canastra, aos penaltis, tiveron xincanas e moitas cousas máis, todo supervisado por Magdalena e Nito. Bailamos coa música que nos puxo Rafa e fixemos sorteos de



agasallos para todos.

E xa despois desta, foi chegando a fin da viaxe, cuxo destino non era outro que o de recadar fondos para sufragar a excursión dos nenos de sexto..

Foron moitos días de traballo, de organizar, de pensar, de buscar....., pero todo isto non sería posible sen a axuda dos pais de sexto nas festas, sen a colaboración da **ANPA**, en especial de **Bárbara**, as doazóns de diferentes entidades e comercio da cidade, o apoio do noso director Pachú, e o gran esforzo nos Maios de Xabier e a paciencia de Nito.

Gustaríame agradecer, no meu nome, e no de as que despois desta viaxe, que con elas o meu carón fíxose pracenteira, e as que hai xa un tempo considero amigas, **Rosa** e **Pili**; o esforzo de todas aquelas persoas que nos axudaron cando estivemos cansas de viaxar, os que nos motivaron, os que nos apoiaron e moito máis .

Levamos moi bo recordo deste último ano que os nosos fillos pasan neste centro, do que teñen que estar moi orgullosos.

Agardamos nenos e nenas de sexto que para vós, igual que para nós, esta viaxe sexa inesquecible.

Grazas CEIP Campolongo


Eva Baliye García.





Bonitos libros gardas
 Interesantes lecturas
 Barcos cheos de fantasías
 Letras que veñen e van
 Intrigantes palabras
 Ondas debuxadas coma
 Tesouros agachados
 Emocionánnos
 Contando historias
 Aventuras que nos animan
 Soñando cos libros.

Estamos no país dos
 Soños soñadores
 Collemos un tesouro
 Ollámolo
 Levámolo e lémololo
 A biblioteca no
 Recreo sempre
 Está aberta para
 Soñadores.



Alumnos e Alumnas
 de terceiro



GÚSTAME FALAR

Conde era pequena
 todos querían que galase axiña
 e agora que son grande,
 cacoreo coma unha galinha.

Falo de noite,
 falo de día
 Vaia tolería!



Pido perdón
 por non poder colar,
 pero non o podo remediar.

E quen é o responsable de que gale?
 Os meus pais, os mestres?
 Os que agora din que me cale?

Pois penso que os culpables son eles.
 Coma min merecen un castigo,
 teñen que ter,
 máis paciencia comigo.

Fabiola 2º B



A LINGUA

Chegou unha nena labrega
coa boca cargada de mel
á porta pechada da escola
e non llo quixeron coller.



Dicián:
laranja,
pelouro,
paxel,
árbore
tíola
trepia
preixel



Volveu a meniña pra' casa
coa boca amarguesa de fel.
icitado o meniño galego,

se o mestre non fala como el!

Helena Villor, Xesús Róibade

2º D



TRÁBASEME A LINGUA

Teño un vestido,
encrequenado,
pranchado,
dobrado,



repicaencrequenado.

Quen mo encrequenou

pranchou,

dobrou,

repicaencrequenou,

non mo soubo

encrequenar,

pranchar,

dobrar,

repicaencrequenar.



Vou chamar ao
encrequenador,

pranchador,

dobrador,

repicaencrequenador

que mo veña



encrequenar

pranchar

dobrar e

repicaencrequenar

mellor.



Vindo revindo.

Sopa, sopindo.

Sopindo, sopa.

E o que non probe

"Vindo revindo,

sopa, sopindo,

sopindo, sopa,

un raio me parta

se sopa lle toca.




O castelo esta engaiolado,

quen o desengaiolará,

o desengaiolador

que o desengaiole,

lo desengaiolador será.



Colectivo 3º B



Amizade

A ti meu amigo
 queroche escribir
 que as miñas cousas
 quero contigo compartir
 xogar, correr, saltar
 todo vale, se o fin é sorrir.
 Alén dos bons momentos
 queroche dicir
 que cando estes triste
 ao teu lado, quero seguir
 porque a amizade verdadeira
 para sempre ten que existir.



Adrián David Fernández 1º C



A APOCENA DE SABELA

O mundo empezou a toparse moi mal,
e a dor da tripa era tal,
que Sabela arrepiada

e coa mesa posta e axeitada,

nunha apocena deixou preparada



INGREDIENTES

Un pouquiño
de TOLERANCIA,
dúas racións
de LIBERDADE,
e tres
de Amizade.


E agora van os NON
Non ao Racismo
co seu agullón velenoso.
Non ao Maltrato
que non é de bó trato.
Non á Pobreza
que non apareza.
Non á Ignorancia
porque é vagancia.
Non ao Fanatismo
porque non ten cor.

E agora a solución:
Mesturar todo nunha pala.


E si estampa
País que estoupe
pero que estea chea
de Paz e de Amor.




Sabela Alonso Freire 5º B




Auga, eres amor
 Única para vivir
 Grazas por existir
 Auga, quérote limpa
 Quérote sempre, sempre
 Un vaso de auga limpa
 Esta cheo de vida
 Revive aos seres vivos,
 Oh! Auga canto te quero!
 Ti eres a máis importante
 E sempre te coidaremos.



Amerómetro



Creanubes



Alumnos e Alumnas
de terceiro



OS ANIMAIS DIN ...

Di o golfinho Manolín ...




Salto sen trampolín!
Candela

Di a xirafa Elena ...



Hoxe é lúa chea!
Carla M.

Di a seda Isabel ...



Limpame o cu con papel.
Miguel

Di o can Paco



Isto é un atraco!
Noelia

Di a ra Dora ...



Son unha gran nadadora!
Uxía B.

Di o elefante Martín ...



Montemos en patín!
Carla O.

Di o esquío Nacho ...



Tráeme un pistacho!
Ainara

Di o gato Ígor ...



Como me gustan os figos!
Paula

Di a bolboreta Rosa ...




Eu son a máis curiosa!
Elena

Di o mono Fermín ...



Me como o plátano nun
PLIN!
Rubén

Di a ovella Elena ...



Voume deixar melena!
Jorge

Di a galiña Ana ...



Cántame unha nana!
Carlos

Di o crocodilo Tino ...



Non me gustan os meus
veciños!
Clélia

Di o león Ramón ...



Comeríame un chuletón!
Josete

Di o koala Salva ...




Corre e salta!
Salvador

Di a abella Paca...



Non me deas máis a
lata!
Manuel

Di a tartaruga Mariña ...



Levo a casa enriba!
Javier

Di o burro Calisto ...



Eu son moi listo!
Martín

Di a araña Susana ...



Estou moi sa!
María

Di a vaca Rita ...



Que leite tan rica!
Marina

Di a lince Adriana ...



Gústame a danza.
Aitana

Di o caracol Marisol ...




Saco os cornos ao sol.
Brais

Di o cangrexo Óscar ...



Vamos a xogar coas
moscas.
Uxía P.


Di o pingüín Saltarín...



Quero un maletín.
Carolina



O U T O N O



Estamos no outono
 os paxagos marchan xa,
 o día é máis curto
 e o frío vai chegar.
 Estamos no outono
 as follas van ao chan
 temos unha alfombra de cores
 para xogar e pisar.

Eden Vilas Rivas 6º C



O Magosto

O 9 de Novembro celebrouse en Campolongo o Magosto. Como o ano pasado chovera, pensábamos que este ano ía chover, tamén nas noticias daban chuvia e frío. Os nenos e nenas da miña clase e seguro que moitos mais viñeron con botas de auga e moita roupa, pero ese día non fixo frío, senón moitísimo calor.

De primeiro viñeron as actuacións: Antía Cordón tocou o acordeón, eu a guitarra e unha nena de 6º chamada Lía tocou o piano os demais nenos de 6º cantaron unhas cantigas acompañados por frutas, as cantigas estaban feitas por nós.


Logo das actuacións viñeron os xogos. Os de sexto que é o curso no que estou eu, estivemos de monitores ensinando como se xogaba aos demais cursos. A min tocoulle unha vez ser monitora de meu irmán: foi moi divertido!

Despois de rematar cumpría merendar castañas. Sentámonos todos no patio de abaixo en roda, cada un coa súa clase; a maioría das castañas tiñan vermes!

Cando rematamos de merendar fomos para a clase e logo para a casa. Foi un día espectacular... paséino moi ben.

Texto: Laura Bacariza Baltasar 6º A

Ilustración: Saabza ÁlvarEZ Lariño 6º A





Para min Galicia é ...



... o lugar que eu sempre levarei no meu corazón,
o sitio máis fermoso do mundo.

Uxía B.

... o mundo onde eu nacín, o monte todo.

Miguel

... o fogar onde sempre quereirei estar.

Elena

... un mundo perfecto.

Está chea de alegría e de esperanza
e sempre será así.

Ainara



... o meu fogar!

Paula

... o sitio máis bonito de todo o mundo.

Martín

... unha paisaxe moi fermosa que dende as montañas
é verde e especial.

Carla O.

... a miña terra, onde me sinto libre e podo gozar
cos meus amigos e familiares.

Uxía P.



... o lugar onde mellor cantan os paxariños.

Candela

... o lugar máis fermoso do mundo para gozar
na praia coa miña familia.

Salvador



... fermosa!

Brais

... un soño, un amor, un amigo ... A beleza!

Clélia



... un mundo cheo de cousas bonitas.

Carla M.

2ºD



Para min Galicia é ...



... o lugar onde nacín,
onde coa miña familia me sinto ben .
É a miña terra !

Carolina

... meu sitio preferido do mundo.
É xogar nos parques e pasear
por Pontevedra. É especial!

Josete



... un lugar onde a xente pasea polos parques e
escoitan aos paxaros.

... pasear polo parque coa miña nai,
ver as árbores e as flores crecer e
escoitar aos paxaros cantar polas mañás.

Aitana




... un sitio especial!

Javier

Rubén.

... a miña vida! É a barca navegando polo mar.

Carlos



... un país con montañas e paisaxes fermosas.

Manuel

... un lugar moi bonito onde paseo cos meus pais
polo campo vendo moitas flores.



Noelia

... pasear onde haxa xente.

Jorge

... meu fogar, meus amigos e
xogar con eles no parque.

María



... o país das camelias,
o país coas mellores praias,
o país da Lingua Galega!
Cando nacín e vin todas as cousas ao meu arredor,
para min foi ... o mellor país do mundo!

Marina

2ºD




Contos e feitizos no Samaín con ONDA CERO RADIO



FEITIZOS




“Cola de sapo, rabo de can, baba de caracol, sangue de morcego, que todos os nenos bailen sen medo”



“Cola de rato, ollo de sapo, pata de caballo, de humano, que todos os nenos saían disparados”

CONTOS



O Samaín é unha celebración moi divertida. Os nenos divírtense e nos colexios fanse festas. Coloréanse cabazas e hai disfraces de zombis, momias, bruxas, morcegos, etc. Os zombis son uns corpos que se arrastran e dan moito medo. A xente cre que non existen pero un día un neno chamado Xoán, que estaba na súa casa só, viu na tele que os zombis existían e que estaban pola cidade. Xoán axiña pechou todas as ventás e as portas, pero os zombis eran moi listos e un deles entrou na casa polo sistema de ventilación. Xoán tiña moito medo, el pensaba que era unha parvada pero de súpeto viu o zombi na cociña e votou a correr, porque sabía que o zombi non había de ser moi rápido por ser zombi. Xoán chegou arriba e non tiña escapatoria, logo o zombi seguía intentando correr, correr e correr. Xoán escondeuse debaixo da cama porque o zombi tiña unha pinta moi mala e daba moito medo, pero no fondo o zombi era bo. De alí a pouco, Xoán decatouse de que o zombi quería amigos e non os conseguía, así que Xoán e o zombi fixéronse amigos.



2013 Ano internacional da Quinoa



Traballo escollido, entre outros, para levar o **XXVI Congreso das Escolas Asociadas da UNESCO** en Alcoi-Orihuela (Alicante)



A QUINUA

A ONU dedícalle este ano porque é un alimento de alto valor nutricional que pode contribuír á seguridade alimentaria e á erradicación da pobreza. A quinoa é case descoñecida polo mundo, aínda que se cultiva dende fai máis de 7.000 anos no antiplano andino. As súas virtudes son enormes, pois **adáptase a climas extremos, é resistente**, fácil de cultivar e cun baixo coste de produción. Tamén ten un baixo impacto ambiental, contribúe á biodiversidade e **protexe os ecosistemas**.

USOS ALIMENTICIOS

Ao igual que a papa (pataca), foi un dos principais alimentos dos pobos dos Andes preincaicos e incaicos. Pénsase que no pasado tamén serviu en usos cosméticos no antiplano de Perú, Bolivia e Arxentina. Desde sempre, foi un alimento moi rico, **ten os 8 aminoácidos esenciais** para o ser humano, e fai que este cereal sexa completo e de fácil dixestión. Cos grans da quinoa pódese facer fariña ou pan, usala como cereal ou facer pastas e cervexa. Ten moitas vitaminas: ferro, calcio, fósforo... Cando se cocce ten un sabor parecido á noz.



USOS CURATIVOS

A quinoa era considerada unha planta medicinal na maioría dos pobos andinos. Úsase para o tratamento de accesos, hemorraxias, luxacións e cosmética. Ten moito magnesio, que axuda a relaxar os vasos sanguíneos e que é utilizada para tratar a ansiedade, a diabetes, osteoporosis...

Antía Corderí Rodríguez e Nerea Cernadas Magariños (6ºA)



O NADAL

O día 21 de decembro celebrouse o Nadal no colexio Campolongo. Este ano por consecuencias económicas non se puido montar un escenario no ximnasio, entón tivemos que facer actuacións nos corredores da escola. Primeiro e segundo actuaron no corredor da planta baixa, 3º e 4º fixeron a súa actuación no vestíbulo da planta superior e 5º e 6º fixérono tamén nun vestíbulo da planta superior. Os de 6º representaron unha obra típica desas datas acompañados das frautas de 6º C e 6º A que tocaron "Navidad Navidad" Antía Corderí acompañounos tocando o acordeón e eu tocando a guitarra.



Os de 5º tamén representaron unha obra e cantaron unha panxoliña. Catro nenas da miña clase e mais eu bailamos "Call me maybe" de Carly Rae Jepsen; a música púxoala no ordenador o noso mestre Xabier; todos nos aplaudiron. Despois de bailar fomos para a clase un pouco nerviosos porque ían dar as notas.

Marchamos moi contentos para a casa!

Ilustración: Sabela Álvarez Lariño

Texto: Laura Bacariza Baltasar 6ºA



O Apalpador

Este Nadal, os nenos e nenas de 2º A, achegámonos á historia do Apalpador, e aquí vos presentamos algúns dos debuxos que fixemos. Tamén se poden ver xunto cos demais no blogue do EDL: ghafos.blogspot.com



Sofía F. P.

Baixa das montañas cheo de castañas.
 Guzando as lomeiras entra polaseiras.
 Moitas das criancas van enchendo as parvas.
 Pensan dende hai tempo que hai un gran momento.
 Sabeen que en decembro que eu sempre
 o lembro hai un carboeiro que é
 moi feitiçeiro.

Colle o seu saquiño e vai polo camiño
 Recolleas castañas con todas as mañas.
 Métése nas casas moi preto das brasas.
 Buscando a xentiña que durmín axiña.
 Pálpalle as barriguiñas ás xentes amigas.
 Ese están baláicas enche as tragadeiras.
 Pola mañá cando regresa moi ledo,
 volta xa baleiro o noso carboeiro.

Adaptación da canción do Apalpador de Cristina Corral Soilán.



Carmen G. B.



Martín V. B.




Fabiola A. C.



A PAZ

Un graiño de area
temos que poñer
para que a paz
se poida estender.



Pomba branca viaxeira,
branca pomba do pombal,
gustaríanos moito
que traías a paz mundial.

Un mundo de paz
é difícil de conseguir;
pero con bondade e ledicia
nel se pode vivir.



David Sineiro Barreiro 6º
Patricia Vázquez Pérez 6º
Enia Pouseu Blanco 6º



A PAZ



A paz é amor,
a paz é o mellor,
para ti, para min
e para todos nós.

Se buscas en ti,
atoparás a paz,
deixa que flúa,
e non te arrepentirás.



Todos somos diferentes,
todos somos iguais,
e a cor, a orixe ...
que máis darán!



Rematemos coa discriminación,
non fai falta neste mundo,
ser tan cruel cos demais,
nunca é a solución.



Di non á guerra,
di si á paz,
se estamos todos xuntos,
podemos mellorar.



A guerra é cruenta,
inxusta, indesexable,
e a nosa sociedade
de paz está sedenta.





E ti, que fas pola **PAZ?**

María Carballal Araújo 6º A



Obradoiro de Cociña

Os nenos e nenas de Atención Educativa de 6º de E. I. fixemos un Obradoiro de Cociña no primeiro trimestre e parte do segundo. Aprendemos moitas receitas: brochetas de froitas, turrón de chocolate, arañas... Todas riquísimas! Iso si, as recolleemos todas nun recetario que podeades ollar na Biblioteca do cole.





CABALIÑO XIGANTE


Odía nace con ansia
 o sol comeza a brillar
 que lle pasará a Rodrigo
 que non quere despertar?
 soña con aquel cabalo
 Que lle mostrara seu pai,
 non entende porque
 Non sabe o cabalo falar.

- Meu Cabaliño Xigante
 que me miras sen falar
 eu quero ser teu amigo
 quero ensinarche a cantar
 Que lle pasará a Rodrigo
 que non quere despertar?

- Meu Cabaliño Xigante
 quero contigo brincar
 levarte comigo á escola
 e xuntos poder xogar.

Odía nace con ansia
 o sol comenza a brillar,
 Rodrigo salta da cama,
 escoltou un relinchar,
 seu cabaliño xigante
 trotando sequea luzear.

Rosalía Morán 2º D





O ENTROIDO

O día dezasete de febreiro celebramos o Entroido, que como xa sabedes é a única festa do ano na que podemos disfrazarnos ao noso gusto e divertirnos. Na nosa escola houbo moitos disfraces, de entre todos, recordo os de enfermeiras, futbolistas, cabaleiros, damas, sevillanas e moitos outros...



Había un animador que como o ano pasado, aludou moito a nosa diversión, poñendo cancións e facendo coreografías cos nenos e nenas.

No patio cuberto, os rapaces e rapazas de 6º vendemos os produtos tradicionais do Entroido: filloas, orellas, biscoitos, chocolate quente e moitas outras cousas típicas.

No patio do segundo ciclo, había nenos e nenas xogando ao fútbol e ás agochadas, facendo carreiriñas e falando animadamente.

María J. e mais eu vendemos carteiras con "bricks" de leite; tiveron moito éxito. Outros vendían lambetadas, doces etc.

Pasámolo moi ben, aínda que para nós -o alumnado de 6º- foi a derradeira festa do Entroido en Campolongo.

Que bágoa!

Iria Alén Caamaño 6ºA.



世语手 Yo Go Te



A NATUREZA (NATURE)

1º A DAR É RECIBIR (GIVING IS RECEIVING)

1ºB

𐌿 𐌺
A natureza hai que coidar
Nature must take care

𐌹 𐌶
para non se contaminar.
to avoid pollution.

𐌿 𐌺 𐌶
Incendios, lixo e deforestación
Fires, garbage and deforestation

𐌿 𐌶 𐌶
os nosos inimigos son.
are our enemies.

𐌿 𐌶 𐌶
O aire debemos respectar
We must respect the air

𐌿 𐌶 𐌶
para que poidamos respirar.
to we can breathe.

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
Nenos con fame que morren cada día,
Hungry children who die every day,

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
sorrisos tristes e bocas vacías.
sad smiles and empty mouths.

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
Xuntos podemos buscar a solución,
We can together find the answer,

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
coas mans cheas de amor e ilusión.
with hands full of love and hope.

𐌿 𐌶 𐌶
Dar é recibir,
Giving is receiving,

𐌿 𐌶 𐌶
axudar é compartir,
help is to share,

𐌿 𐌶 𐌶
prestar é agasallar,
lend is give a present,

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
iso é todo o que tes que pensar.
that's all that you have to think.

POMBIÑAS (DOVES)

1ºD

𐌿 𐌶
Pombiñas da paz,
Peace doves,

𐌿 𐌶 𐌶
que voan con amor e tranquilidade.
flying with love and calm.

𐌿 𐌶
Pombiñas da paz,
Peace doves,

𐌿 𐌶
que traen mensaxes amables.
that bring friendly messages.

𐌿 𐌶
Pombiñas da paz
Peace doves,

𐌿 𐌶 𐌶
Que voan sobre un mar de felicidade.
flying over a sea of happiness.



NENOS DO MUNDO (CHILDREN OF THE WORLD)

1º C

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
Os nenos de aquí, os nenos de alá
Children from here, children from there

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
todos xuntos queremos xogar
we want to play together

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
queremos un mundo para agasallar
we want a World to give

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
cheo de amor e de paz.
full of love and love.

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
Os nenos de aquí, os nenos de alá
Children from here, children from there

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
todos xuntos queremos cantar
we want to sing together

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
queremos un Mundo para agasallar
we want a World to give

𐌿 𐌶 𐌶 𐌶
no que as fronteiras non existan xamáis.
where the limits never exist.



OS TRES PORQUIÑOS (THE THREE LITTLE PIGS) 6º E. I

𐌿 𐌶 𐌶
Pum pum, pum pum, ábreme porquiño.
Knock knock, knock, open Little pig.

𐌿 𐌶 𐌶
Non non, non non, non che quero abrir.
No no, no no, I don't want open.

𐌿 𐌶 𐌶
Sopraei e resopraei e a casa derrubarei.
I will blow and blow and I will throw the house.

𐌿 𐌶 𐌶
E soprou e resoprou e a casa derrubou.
And He blew and blew and he throw the house.

And He blew and blew and he throw the house.



Poemas cos que participou o **alumnado de 1º** no Proxecto das Escolas Asociadas Unesco "World Poems", representados con signos internacionais Yogote.

E o **alumnado de 6º de E. I**, que participou no festival das **Letras Galegas** cantando a canción dos tres porquiños con xestos de Yogote.



UN ANO DE CIENCIA POR DIANTE

No mes de xullo os físicos do CERN, en Suíza puideron determinar o descubrimento dunha escorregadiza partícula subatómica.

Para este 2013 un dos feitos científicos que se espera que teña máis relevancia é o desexo Ártico, superando ao quecemento global. Os rexistros de marca de desxeo do verán dan un aumento progresivo da superficie de xeo mariño que se derrete na época estival.



SUPER COMETA Á VISTA

Este ano se espera o avistamento dun cometa que no seu pico de maior intensidade podería brillar máis que a Lúa. Trátase do COMEC/2012 S1, ou ISÓN. Dous astrónomos rusos descubrírono .



A EXPLORACIÓN DE MARTE



A aterraxe da sonda Curiosity en Marte, a súa misión non finalizou aínda. Espérase que en setembro deste ano chegue á base dunha montaña ,Aeolis Mons, os científicos considéranlo o mellor candidato para estimar signos da existencias da vida en Marte.

Paula Bayón 5ºA



O meu can Gogó

Eu teño un canciño
que se chama Gogó
é de cor branca
e aínda está novo
non come nin bebe
porque é de xoguete
e gústame moito
porque é un selete.


Sáceso a pasear
coa súa correa
e non morde a ninguén
nin se pelexa.



Candela Cordero Filgueira 1º-C



ROSALÍA PARA SEMPRE



Rosalía de Castro

(Santiago de Compostela, 24-2-1837 - Padrón, 15-7-188)

Naceu na madrugada dun 24 de Febreiro de 1837, para ser unha das máis grandes poetisas e novelistas da historia da humanidade.

Nun século demasiado antigo para entender as súas ideas, Rosalía demostrou ser o símbolo do pobo galego, ademais dunha feminista incondicional. Tamén deixou claro que ía ser unha das figuras máis importantes do Rexurdimento de Galicia, xa que loitou pola nosa lingua, para que non fose esquecida nin aplastada por ningunha outra.

É filla natural do sacerdote J. Martínez Viojo, e da fidalga M^a Teresa de la Cruz Castro y Abadía, e foi bautizada horas despois do seu nacemento, co nome de M^a Rosalía Rita, figurando como filla de país descoñecidos. Librouse de ter que entrar nun orfanato grazas á súa madriña, M^a Francisca Martínez.



Ata os 8 anos estivo custodiada pola súa tía paterna, Teresa Martínez Viojo, na casa de Castro de Ortoño, dun municipio Coruñés. Nesta época aprende o mundo rural de Galicia, cousa que influíu moito nos seus Cantares Gallegos.

Non se sabe cando se fixo a nai cargo dela, pero si que se sabe que en torno ao 1850 marcha para Santiago de Compostela para vivir xunto a ela, en Padrón. Alí é onde empeza a formarse. Asistiu ás actividades culturais promovidas polo Liceo. Alí coñece a Manuel Murguía, Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre, co que se pensa que puido ter algunha relación.

En abril de 1856, Rosalía vai para Madrid xunto ca familia dunha parente súa, (Josefa Carmen García-Lugín y Castro), con quen viviu nesta etapa da súa vida. Un ano despois de ter chegado a Madrid, publicou uns folletos de poesías en castelán (La Flor), o cal Manuel Muguía acolleu con simpatía.

Posiblemente fose en Madrid onde coñeceu a Murguía, con quen casou o 10 de outubro de 1858, no Liceo. Sobre este matrimonio asáltannos dúbidas de que non



existise verdadeiro amor entre eles, xa que se encontraron escritos demostrando que Rosalía era unha muller moi solitaria, con falta de felicidade. Aínda así foi el quen a animou a converterse en escritora, sendo o responsable da publicación de Cantares Gallegos.

Tamén o fixo en apoio social e intelectual, nunha época difícil para as mulleres.

Ao ano seguinte dá á luz en Santiago a Alejandra. A esta seguírona Aura (que naceu no mesmo ano no que morreu a nai de Rosalía), os xemelgos Gala e Ovideo, Adriano Honorato (que morreu pouco despois ao caer dunha mesa), e Valentina, que naceu morta.

O domicilio da familia cambiou en moitas ocasións polas actividades profesionais de Murguía e polos problemas de saúde de Rosalía. En varios momentos tiveron que vivir separados, xa fose polo traballo de Murguía ou pola saúde dela.



En 1859, Rosalía estaba residindo en A Coruña, despois pasa Madrid, volve a Galicia e finalmente vai á capital española.

No mes de setembro de 1868 produciuse un levantamento revolucionario (La Gloriosa) no que Murguía pasou de ser secretario da Xunta Galega a director do Archivo de Simancas, onde escribiu a maioría dos poemas do libro "Follas Novas".

Dende 1871, Rosalía volve a Galicia para non saír dela. Pasa por Lestrove, Santiago de Compostela e Padrón, onde queda en 1875.

Os seus últimos anos pásalos alí, onde consumiu a infancia e parte da xuventude. Entre 1879 e 1882 ten que vivir na casa de Torres de Lestrove, mentres o seu marido se encargaba da dirección de "La Ilustración Gallega y Asturiana", xa que a casa de Arretenxa non era da súa familia.

Finalmente, trasladouse coa súa familia á casa da Matanza.

Rosalía nunca tivo unha boa saúde, e por iso, antes de morrer, quixo estar cerca do mar, así que marchou para Santiago de Carril. Despois dun tempo volveu outra vez para á Matanza, onde o cancro de útero que tiña foína minguando. Despois de tres días de agonía morreu unha mediodía do 15 de xullo de 1885. Ao día seguinte déronlle sepultura no cemiterio de Adina (Ira Flavia) Aínda así foi exhumada de novo o 15 de maio de 1891 para ser levada ao Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago de Compostela, feito exclusivamente para aquelas persoas que loitaron por Galiza.

Antía Corderí Rodríguez- 6ºA



A ORIXE DO NOME CAMELIA

NA BARRA A GEORGE JOSEPH KAMEL

Trátase dunha planta como tantas outras que apareceron no vello continente "Europa" tras ser descuberta no Suroeste Asiático. Neste caso foi George Joseph Kamel o que as fontes históricas lle atribuían o seu descubrimento como especie, foi Kamel un misioneiro Xexuita que naceu



en Moravia no ano 1661 e morreu no ano 1706 nas illas Filipinas, ademais de xexuita foi botánico. Pola súa orde foi destinado as Marianas no 1683, e logo levado as illas Filipinas. Nestas Illas estableceu unha farmacia na que atendía gratis os Filipinos máis pobres. Como se dun tesouro íose dende as Marianas levou sementes da máis bela flor que endexamais el vira, e grazas os seus coidados consígueo que o arbusto florecera tamén en Manila. Kamel ao mesmo tempo que evanxelizaba e coidaba os nativos escribiu un libro sobre plantas e herbas medicinais, pero o primeiro tomo foi roubada por uns crueis piratas no mar Pacífico, acto que o botánico lamentou, aínda así conseguiu un oco para a ilustración da vexetación asiática na obra de Jonh Ray, un experto botánico inglés. Ademais dos seus méritos na botánica foi unha das primeiras persoas que aplicou métodos científicos o tratamento das enfermidades, o recoñecemento a todo este traballo alcanzouno, cando anos máis tarde, se lle puxo o seu nome a unha planta que el introducira en Filipinas e que grazas os seus libros foi coñecida en Europa esa planta era "A Camelia". Linneo un científico Sueco (1707-1778) estivo ben acertado poñerlle o nome latinizado "camellius" dun gran home a tan fermosa planta. Aparte de gran científico e botánico non esqueceu a súa condición de misioneiro e utilizou os seus coñecementos curando a todas as persoas que encontrou sendo nativos ou colonos.

Iago Barreiro 6º A



A CAMELIA

**Da igual a estación;
primavera ou verán,
as camelias sempre son
algo moi especial.**

**A súa beleza é incalculable,
e a cor é do mellor;
branca, rosa e vermella,
bonita sería ata marrón.**

**Pon camelias na túa vida,
todo será diferente,
gustarache máis o mundo,
gustarache máis a xente.**

Victor Velasco Ferreirós 6º C



CAMELIA

**A camelia é a fusión
de cor e paixón.**

**A camelia a leva o vento
como un sentimento.**

**Fantasia de camelia,
que leria!**

**Coa miña camelia viva
comparto a miña vida.**

**Camelia que vén de Xapón,
camelia que "mola" un montón.**

**Camelia que está en Galicia
camelia que é unha ledicia.**

**Camelia da unidade,
camelia da solidariedade.**

**Camelias brancas e rosas
sempre serán nosas.**

**Camelia híbrida de cor,
camelia de distinto olor.**

**Miña camelia preferida,
miña camelia distinguida.**

Juan Estévez Fernández -6ºB




QUE FANTASÍA DE CAMELIA

Non hai nada máis maravilloso que unha camelia que me lembra ao meu bisaró. El cumpriría agora 104 e hai 6 anos que xa non está comigo.

Na leira da miña tía hai moitas árbores pero hai unha á que lle temos especial agarimo, a camelia do bisaró. É unha árbore pequena, case da miña estatura. Esta camelia pertence á especie "Eugenia de Montijo", ten unhas bonitas flores brancas cunhas raias rosas. As súas flores son espectaculares. Esta árbore regaloulla o meu bisaró a miña tía porque a el gustábarlle moito as camelias.

Un día entraron moitas vacas na leira da miña tía e entre outras árbores e arbustos comeron case toda a camelia. Ela disgustouse porque era o único ricordo vivo que temos del.

Pero como se fose algo fantástico esta camelia resistiu e creceu ata converterse nunha preciosa árbore pequena que ao comezo da primavera échese de fermosas flores.




5^ºB
Paula Gómez Dios



Camelia que nace
sorriso dun neno
camelia que plantas
os doces momentos.

Cada planta unha flor
cada prado a súa cor
cada follas o seu nome
a cada rama o seu reiseñor.

Camelia de inverno
na noite do luar
ela brilla e brilla
para os campos alumear.



Rosana Raposeiras e Sara Sanromán

Proxecto Internacional "Coñecer as E. As. UNESCO



a través dos poemas do mundo"



O Yogote estase xa a converter nunha actividade moi atractiva para entrar no mundo da poesía e tamén para entrar en contactos con outras culturas e achegarse o mundo da linguaxe de signos. Este ano o noso centro, participou no Proxecto Internacional de "Coñecer as rede PEA UNESCO a través dos poemas do Mundo". Por unha parte como centro **coordinador e colaborador** dos países lusófonos e por outra coa elaboración de varios poemas para dito proxecto. Pódense ver tanto nos blogs do centro como o blogue da lusofonía: <http://yogotelusofonia.blogspot.com.es/> ou na web internacional: <http://worldpoems.org/index.php> (buscando por países).

Saúdo Yogote-Lusofonía

∩ db ∩
Somos da mesma Lusofonía

db ∩
irmáns que saudamos

ε-3 ∩
con moita alegría.

-4| ∞
Queremos facer

∩| ∩
convosco poemas

6-4 ∩
que falen da paz

∩ ∩
da noite e do día.

∩ ∩ ∩ ∩
Galicia docemente está ollando o mar:
∩ ∩ ∩ ∩
ten vales e montañas e terras pra labrar!
∩ ∩ ∩ ∩ ∩
Galicia é o que vemos: terra, mar, e vento...
∩ ∩ ∩ ∩
Pero hai outra Galicia que vai no sentimento!
∩ ∩ ∩ ∩
Galicia somos nós: a xente e mais a fala.
∩ ∩ ∩ ∩
Se buscas a Galicia en ti tes que atopala!

∩ ∩ ∩ ∩ ∩ ∩
Dous mil trece na Unesco é ano de concienciación
∩ ∩ ∩ ∩
da auga que hai no mundo aínda con contaminación.
∩ ∩ ∩ ∩ ∩ ∩
Uns téñena potable outros prégnana decotío.
-4| ∩ ∩ ∩ ∩
Queremos todos xuntos arranxar o desafío.
∩ ∩ ∩ ∩ ∩ ∩
Non desbaldiremos e trataremos ben o lixo,
∩ ∩ ∩ ∩
pasaremos das palabras ó valor do compromiso.
∩| ∩ ∩ ∩ ∩
Rematamos a encomenda de coidar os nosos ríos.
∩ ∩ ∩ ∩ ∩ ∩
Respectando ben a terra e sen facer desvaríos.

Milprimaveras

∩²⁸⁵ ∩⁹¹⁸ ∩²⁸⁹ ∩³⁴¹
Amiguiños todos Leda cantarola,
∩²⁰⁹ ∩¹⁴¹
amiguiños xa, ledos rebuldar.
∩⁴⁹ ∩⁹¹
os nenos de aquí, Rolda de sorrisos
∩²¹⁸ ∩⁹¹
os nenos de alá dende mar a mar,
∩⁷⁰ ∩¹³⁵⁰
Os nenos do mundo corazóns abertos,
∩⁷⁵⁵ ∩²⁸⁵
todos a cantar ollos de amigar.
∩¹⁵⁰⁷ ∩⁷⁵⁶
a unha mesma voz ∩²⁸⁵ ∩⁹¹⁸
collidos da man. Amiguiños todos,
∩⁸⁴¹ ∩⁹¹
∩⁴⁹ ∩⁹¹
Cantarola nosa os nenos de aquí
∩⁹¹ ∩⁴⁹
de amor e de paz. e os nenos de alá.



Un libro é...

Un libro aberto é un cerebro que fala, pechado, un amigo que espera e olvidado un alma que perdoa e destruído un corazón que chora.
Proverbio hindú

Inca Garcilaso
de la
Vega.

William
Shakespeare.



Miguel
Cervantes.

Eva García
Soto 5ºA



PREMIO EXTRAORDINARIO DE BACHARELATO DE GALICIA E NACIONAL DE BACHARELATO

Alberto Escobar Rivas obtivo o Premio Extraordinario de Bacharelato de Galicia e o Premio Nacional de Bacharelato 2011-2012 na modalidade Humanidades.

É ex alumno do CEIP CAMPOLONGO de Pontevedra.

Estudou primeiro de Bacharelato en Estados Unidos subvencionado pola Fundación Barrié e a Fundación Amancio Ortega e rematou o seu bacharelato no IES SÁNCHEZ CANTÓN. Actualmente estuda primeiro de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela.

Forma parte, xunto a outros 24 mozos españois, do **Consello da Xuventude** que asesorará a embaixada americana en España sobre asuntos de cultura, sociedade e política que interesen aos mozos de ambos os dous países.



Sobre todas estas cuestións preguntámoslle:

V: Que se sente ao ser o "número un" dos 600.000 alumnos de bacharelato de toda España?

A: A verdade, non o creo moito. É un pouco irreal para min. Faime moita ilusión que me feliciten polo meu traballo persoas como os meus profesores, os meus amigos...

V: Que foi o que máis che gustou da visita á embaixada de Estados Unidos en España?

A: O que máis me gustou foi xantar co embaixador de Estados Unidos na súa residencia. Comemos un cadelo quente, algo moi americano. Falamos sobre cine, películas, arte, política...Estivo moi ben. A verdade é que o embaixador é moi divertido e intelixente. Encantoume coñecelo.

V: En que consiste o teu traballo na embaixada?

A: Traballo como asesor xunto con outros vinte e catro rapaces de España. Aconsellamos ao embaixador en temas como cultura, xuventude, política social e cultural. Vou intentar organizar en Pontevedra programas de emprendimento de novas iniciativas e divulgación da cultura e historia americana.



V: Cómo reaccionaron os teus pais cando lles dixeches a noticia de que eras o "número un" de toda España?

A: Decateime cando estaba só na casa. O primeiro que fixen foi mandarlle un "whatsapp" a Alvaro, o meu irmán, que estaba en Estados Unidos e foi a quen lle dediquei o premio. Cando chegou a miña nai estaba a chorar e o meu pai rindo. Tampouco o crían. Foi unha alegría moi grande.

V: Moitas grazas, Alberto, e parabéns por este "super

premio" que recibiches.

Víctor Vidal de Súa 5°C

MAIO 2013



Campolongo canta o Maio
con retranca e sentimento
escoitade as nosas coplas
bicando ledas ao vento.

Cantamos na boa vila
coa Lingua da nosa terra
alí onde nos vaíamos
sempre imos defendela.

Alborece o noso berro
no bicarelo do día
resoan estas cantigas
na fermosa Ferraría.

Para vestir este Maio
tivemos que carrexar
tantos feixes de fiúncho
que nos fixeron suar.

Os ovos para xuntalos
déronnos moito traballo
as galiñas non poñían
estaban todas no paro.

Pampullos e margaridas
durmían espreguizadas
as calas e as laranxas
custou moito atopalas.

Pero nós puxemos gañas
moito esforzo e ilusión
para vir a esta festa
a cumprir coa tradición.

Maio verde e xeitoso
maio cheo de frescura
cóntalle nesta cidade
quen nos fai a vida dura.

Son os que nos recortan
dicindo que son reformas
son os que nos estafan
impoñendo as súas normas.

Na escola aínda seguen
con chafulladas e obras
adeus ao salón de actos
rematáronse as melloras.

Agora o edificio
adoece un pouco eivado
cando lle poñan remedio
converterano en privado.

A educación popular
ten medidas sobranceiras
os ricos comen nos pratos
os pobres en friameiras.

No Concello son artistas
teñen un circo montado
para aproveitar o tempo
fan debates "de calado".

Como non lle quedan cartos
danse ao divertimento
Sacarino e Rompetechos
é o tema do momento.

Que ninguén se equivoque
con estes grandes actores
coma na Galia de Asterix
aquí aínda manda Lores.

E ás veces aparece
o seu amigo Mosquera
é Obelix cuspidiño
cargando ás costas a pedra.

Por outra banda o Moreira
para axudar ao goberno
disque anda ocupado
co dos recados ao pleno.

O chamado Plan Xeral
moito se fai agardar
debe ter tantos atrancos
que non se pode aprobar

A ver si o damos visto
foran palabras dun cego
pois tanto tempo esperando
parece cousa do demo.

Cada día é unha sorpresa
con presuntos implicados
pero os ladróns e corruptos
poucos rematan xulgados.

Houbo amantes do diñeiro
do ladrillo e a corrupción
que co cemento e o asfalto
desfalcaron a nación.

Tamén hai aproveitados
que practican o saqueo
despois de estar ben cheos
dedícanse ao "blanqueo".

EREs, Gürtel ou Campión
son unha pequena mostra
de como a política
semella á "Cosa Nostra".

En Galicia houbo eleccións
pero as cousas non cambiaron
algúns xa se dan de conta
que tamén os enganaron.



MAIO

2013



Esta terra desde sempre
tivo rexos gobernantes
así conserva o atraso
que vén dos tempos de antes.

Hai que privatizar todo
para obter máis beneficios
agora que vai a menos
a construción de edificios.

Acaban coa sanidade
estragan a educación
non hai servizo público
que reciba un patacón.

Recortando, recortando
no ensino e sanidade
o futuro do país
é vivir da caridade.

Os sufridos pensionistas
vívenche moi amolados
reducíronlle a pensión
e metéronlle o "copago".

A oposición galega
anda co paso cambiado
falan todos de unidade
cada un polo seu lado.

Pau de toxo para cañas
carballo para os fungueiros
e para facer os recortes
Mariano é dos primeiros.

Pasan días pasan meses
e Rajoy segue calado
non se lembra das promesas
que nos fixo no pasado.

Seica lle obrigan os votos
a rachar o benestar
e o pobo indignado
non para de protestar.

Coa encomenda de Europa
afúndenos cara o pozo
algúns xa van afogando
coa corda ao pescozo.

Rubalcaba non remonta
baixa en caída libre
o día que toque fondo
igual colle e dimite.

Nas Caixas os que mandaban
si que eran "preferentes"
levaron todos os cartos
e ficamos indixentes.

Polo ar de Pontevedra
óese un laio afastado
é dos que buscan emprego
porque acabaron o paro.

Ninguén nos soubo explicar
o dos sobres con diñeiro
os do goberno desmenten
iso fede e da mal cheiro

Para levar boa vida
e deixar de ser obreiro
os partidos inventaron
o choio de tesoureiro.

Algúns son especialistas
no tráfico financeiro
evadindo os capitais
ás contas do estranxeiro.

Os piratas do "smoking"
campan ceibes nas Caimán
alí amasan fortunas
cos diñeiros que se van.

Nos xornais aparece
Feijóo con Marcial Dorado
de que falaría Núñez
co "ilustre" condenado.

Dos retratos no Oratus
dirán que son fotocopias
e a crema no ombreiro
son cuspidas de gaviotas.

Tamén lemos nas noticias
que xubilan ao cacique
pero coloca ao seu fillo
para que siga a estirpe.

Temos unha monarquía
certamente cuestionada
algúns cidadáns opinan
que non serve para nada.

Din que o sogro de Iñaki
non pega tiro sen rumbo
agocha ben as orellas
non te confunda con Dumbo.

Entre a infanta imputada
e o rei que vai de caza
as cousas da realeza
non che teñen boa traza.

Non se sabe ben do duque
se "En Palma" ou é "Palmado"
pero todos o coñecen
coma ao xenro acusado.



Iñaki de longa man
xogou a poñer o cazo
agora está inculcado
de presunto "pelotazo".

A infanta non se aclara
se participou na trama
pásalle como a ministra
que ten a boca pechada.

A xefa da sanidade
seica fai oídos xordos
dos amaños do ex-home
non sabe nin ten recordos.

Tantas mentiras con ENCE
para deixala na ría
esta nova Lei de Costas
éche unha boa María.

Ao decreto do galego
saíulle un furado
veu a xustiza coa emenda
e deixouno no faiado.

Polo ar a despedida
na boca a derradeira
para a xente desta vila
estas letras retranqueiras.

Xa nos temos que marchar
para o ano volveremos
aínda que nos recorten
nesta praza cantaremos.



Xornadas Deportivas na Rúa e na Escola



Cros Vilaverde-Mourente

Xadrez na biblioteca



Medallistas no XIX Edición do Cros de Vilaverde Mourente e xadrecistas na escola e na rúa. Destacamos nas carreiras a Marta de 4ºB e a Guillermo de 6ºA, polo seu segundo posto nas súas categorías.


No fugaz torneo que fixemos na "Semana do Xadrez" na Escola, descubrimos varios talentos. Un deles, e campión do seu ciclo foi Lucas, de 2º B. Nas categorías superiores temos que destacar a Javi e a Iago de 4ºC, e xa no ciclo superior a Xandre, Jano e Diego de 5ºB, e a Quin e Iago de 6ºA. O xadrez, rematou a semana coa IV Edición do "Xadrez na Rúa", que este ano se celebrou na Praza de España.

Xadrez no comedor





Enredos e Instrumentos musicais




Este ano presentamos **cinco vídeos** documentais no concurso "Ponte a Brincar" de "Ponte nas Ondas-2013". Dous deles foron sobre "Enredos", e "Instrumentos musicais", feito basicamente con instrumentos vexetais sinxelos.


O alumnado foi traendo instrumentos: Miguel N.B, a **billarda**, Lucas G.M, un **cazo** (boliche), Sabela A. F., dúas **zoadeiras**, un **cantagalo**, asubío, un **mirlitón** e un **carrizo**, Xandre A. S. un **roncollo**. Pablo L. R. un chifre de cana.

E moitos trouxeron documentación dos xogos que facían seus pais ou avós.

Todos eles podedes velos, e no caso dos instrumentos, escoitalos, no **blogue de E. Física** da escola



ENCRUCILLADO



- 1- Tócase facendo vibrar unha folla no medio dun pauciño. O loureiro na primavera é ideal para este instrumento.
- 2- Pódese face con táboas, con botóns, ou cun pau furado con dous buracos
- 3- Outro dos seus nome é turuta.
- 4- Ten como base unha caixa de resonancia feita con cana e vai atada cun cordel a un pau para facelo xirar.
- 5- Pódese facer con canas ou noces
- 6- Haino de moitos tipos, de cana, de avelá, de ameneiro ...

O **encrucillado** pódelo facer tamén no ordenador no **blogue de E. Física**, clicando na categoría **Xogos**.

LETRAS GALEGAS 2013



ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Naceu en Santiago de Compostela en 1950 e morreu na mesma cidade en 2002.

Destacou como actor, director, escenógrafo e iluminador.

En 1977 fundou xunto a Laura Ponte (actriz Galega e primeira muller de Vidal Bolaño) o

“Grupo de Teatro Antroido”.

Todas as súas actividades xiraron sempre en torno ao teatro:

Desde a creación do “Grupo Antroido” ate a súa compañía actual “Teatro do Aquí” (1991) pasando pola breve experiencia creativa “Teatro do Estaribel”.

En 1978 deu o paso definitivo que levou ás xentes do teatro galego a se transformaren en profesionais.

Tamén foi un dos primeiros directores ,que participaron do teatro institucional, poñendo (en colaboración co Centro Dramático Galego) en 1984 a súa obra *Agasallo de sombras*.

Fixo guións para a Televisión de Galicia e para a Televisión Española, con traballos como *Malos tratos*, *Novo de Parmuíde* ou *Morosos sabios*.

Tamén levou á pantalla relatos de grandes escritores galegos do século XX.

Participou como actor en películas.

Unha das súas maiores influencias foi o teatro de Ramón María del Valle-Inclán, a quen menciona varias veces ao longo da súa obra.

Tamén influíron na súa vida poetas como Rosalía de Castro e Ramón Otero Pedrayo.

Clara Abad 6 ° A



Nós tamén creamos

Este curso embarcámonos por primeira vez e con moita ilusión na actividade **"Nós tamén creamos!"**, unha iniciativa promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración coa CRTVG e a editorial OQO.

"A noite das Mudanzas" de Pep Bruno e Lucie Müllerová, foi o conto que decidimos adaptar para rodar a nosa curta de animación, que resultou moi divertida e amena.



Agradecemos a participación activa do alumnado de primeiro e segundo ciclo, que se encargou da elaboración das figuras e das personaxes, así como a construción do set de gravación, fundamentalmente con materiais de refugallo. Asemade, a algúns dos nenos e nenas do terceiro nivel, que lles puxeron voz ás personaxes do conto. A parte técnica foi desenvolvida por Nito e Magdalena (mestres de E. F.) e a parte plástica foi coordinada polas compañeiras Carmela e Sira (mestras de segundo ciclo).

En definitiva, foi unha experiencia moi enriquecedora que de seguro repetiremos!

Avisamos de que unha vez rematado o período de concurso, o vídeo estará a disposición de toda a Comunidade Educativa no noso blogue: ghafos.blogspot.com, así como na sección infantil da web da CRTVG.

Sorte para todos os participantes!





Visita á granxa Apípolis

As nenas e nenos de 1º A, B, C e D visitamos Apípolis e aprendemos moitas cousas.



Primeiro, puxemos os traxes de protección.

Dirixímonos ao apiario.



Explicáronnos os aparellos empregados.



Vimos un colmenar
dende unha posición
segura.



Observamos
o seu traballo.

Sáímos correndo,
deixando atrás
as abellas.






No apiario aprendemos a extraer o mel.



Collemos o panal da colmea e metémolo na centrifugadora.

Dámoslle á manivela con moita forza...



No fondo queda a cera e o mel vai caindo pouco a pouco nunha xerra despois de colalo.



Fixemos condeas de cera.



1º Necesitamos: Un cordel e unha plancha de cera.
 2º Enrolamos a cera arredor do cordel Con moito scito! e...

3º Xa temos a condea!





Tamén fixemos galletas



Dámoslle forma de bola cada vez máis redonda, levantamos a man e deixámola caer na mesa.

E volta a empregar.
Ulimos e...



Que ben ule!

Alumnado de 1º



Em Apípolis contáronnos un fermoso conto

A casa das abellas

Era unha vez un señor ao que lle gustaban moito, moito os animais. Un día atopouse unha abella, raiña e asustouse moito e dixo ¿ quen es ti? A abella díxolle quen era e contoulle que estaba buscando casa. O home amosoulle un lugar perfecto para facer a casa e as abellas déronlle mel para agradecerlle.



Alumnado de 1º



GALLETAS DE MEL QUE RICAS!

Ingredientes:

- 250 grs. de farina
- 1/2 sobre de levadura
- 100 grs. de manteiga
- 100 grs. de azucre
- 1 ovo batido
- 1 culler de mel



MODO DE FA CELO

- 1º Mestúrase a levadura coa farina.
- 2º Bater a manteiga co azucre.
- 3º Engadir á crema pouco a pouco o ovo e a mel.
- 4º Botar a farina ata obter unha masa e amasar.
- 5º Coas mans coller a masa e formar pelotinas do tamaño dunha noz.
- 6º Colocar as bolinas nunha bandexa de forno previamente untada con manteiga.
- 7º Aplastar as bolinas cun garfo mollado en auga fría. Metelas ao forno 10 minutos a 180°C.
Bo proveito!

Alumnado de 1º



POR QUE AS AVES MIGRAN EN GRUPO

O esforzo que implica percorrer tantos Kilómetros é enorme. Así que as aves buscan a maneira máis eficaz e de facelo, é dicir, que supoña menos gastos energéticos.



Durante a ascensión as aves están desordenadas e cando alcanzan a altura adecuada, que depende da especie e se necesitan superar os Kilómetros, colócanse en formación de V

xa que é unha das maneiras que teñen de aforrar enerxía porque benéficiáanse da corrente que produce o compañeiro que levan diante e así planean máis tempo en vez de batear as ás.



A formación en V tamén favorece o contacto visual entre os membros da bandada.

Cando as aves se agrupan para buscar alimentos o grupo é máis efectivo que un individuo só.

Pablo Bacariza Baltasar 2º B



EXCURSIÓN Á CORUÑA

O día catorce de maio os alumnos de sexto curso fomos á cidade da Coruña. Saímos do colexio ás 9:15 h. Os de 6ºA viaxamos nun autobús pequeno, os 6ºB e 6ºC foron nun autobús normal. No traxecto fixemos fotos, falamos entre nós, escoitamos música e alegrámonos de



facer a viaxe .

Ás 11:00 h máis ou menos chegamos ao Planetario e antes de entrar sacámonos moitas fotos.

Nada máis entrar había unha incubadora de pitiños e quedamos moito tempo a miralos.

Subimos ao primeiro andar e había moitas cousas.....era moi interesante!!!!!!!!!!!!!! O segundo e o terceiro andar tamén foron moi interesantes, na cuarta planta estaba o planetario, alí explicáronnos o que era unha constelación, como localizar dúas estrelas e tamén dous planetas. Ao saír paramos a comer a merenda de media mañá.



Logo fomos ao Acuario e estábamos rodeados de moitísima auga. Había unha quenlla touro chamado Gastón que daba un pouco de medo.

Tamén había moitos peixes do Océano Atlántico que nos fascinaron a todos.



Ao saír paramos a mercar agasallos do Acuario.



Para rematar chegamos á Casa do Home (DOMUS), pero antes de visitala baixamos a comer a unha planta que tiñan xa preparada para iso. Logo subimos ao primeiro andar, e nada máis subir había unha sala onde proxectaron un parto!!!!!!

Subimos á segunda planta onde había moitos xogos interactivos e estivemos

moito tempo alí.

A terceira planta baseábase no corazón e no cerebro.

Xa rematada a visita marchamos cara o autobús. Dende alí víase a torre de Hércules, á que tamén lle sacamos fotos.



Logo arrancamós para facer a viaxe de volta. Despois de percorrer varios quilómetros, paramos a

merendar nunha área de servizo.



Estivemos pouco tempo xa que tiñamos que volver a Pontevedra. Había unha cafetería onde mercamos trangalladas, patacas fritidas ou xeados. Nada máis rematar de merendar volvemos ao autobús e puxemos rumbo cara a nosa escola, onde os nosos pais nos

esperaban moi impacientes.

FOI UN DÍA ESPECTACULAR!!!!!!!!!!

**Laura Bacariza Baltasar
e Sabela Álvarez Larino 6ºA**

NA AULA SI... PERO FÓRA TAMÉN APRENDEMOS!!!




Preguntas e respostas de 4º B eeeeeehiii

Durante este curso, e como todos os anos, os alumnos de 4º fixemos varias actividades fóra da aula, e, agora que remata o curso, aproveitamos este espazo na revista escolar para contarvos algo sobre elas e as opinións dos nosos compañeiros.

O día 28 de febreiro desprazámonos ata Caixanova para asistir a unha desas actividades: unha obra de teatro titulada "**Malas palabras**". Esta obra, que está dirixida ao público infantil, trata a historia dunha nena chamada Flor, concretamente a reacción con seus pais e co seu amigo "O Pelos" desde o día que se deu conta de que era adoptada.

Estes compañeiros de 4º B cóntannos algo máis, imos ver:



-Ola, recordas aos personaxes que participaban na obra?

✓ Ola, pois si os recordo, eran... Flor, O Pelos, seus pais e o seu tío, pero todos eles eran interpretados por unha soa actriz que o facía moi ben e cambiaba moi rápido de personaxe.


-Cal foi o que teu preferido?

O meu personaxe preferido foi o Pelos porque me fixo graza o seu peitado e porque era moi insistente e gracioso cando buscaba palabras no dicionario.

Que foi o que máis che gustou?

Que máis me gustou? Pois cando foi o cumpre de Flor porque estaba moi contenta xa que súa nai a levou á casa onde naceu que era o que lle pedira de regalo.

Cal é a conclusión que sacaches?



Que o importante é que te queiran e que si te adoptan é porque esa familia está desexando terte con eles, coidarte e darche unha vida feliz.

E por último, recomendarías esta obra aos rapaces que non foron vela?

Sí, claro que a recomendaríamos a todo o público, tanto infantil como adulto, pois coincidimos moitos en que nos encantou, foi graciosa e divertida.





Outra actividade que fixemos foi unha visita ao centro de Caixanova para ver unha obra de teatro a cargo do grupo "Os gaiteros da Xistra". Tivo lugar o día 26 de abril baixo o título "Na procura do tesouro".

Esta obra trata dun rapaz chamado Xurxo que vive da agricultura. El non cría moito nas lendas que contaban as vellas pero sabía que no bosque agochábase un tesouro. Levaba intentando atopalo moito tempo, dende que era pequeno. Un día encontrou unha moura que lle empezou a dar pistas para chegar ao tesouro e ao final logrouno.



Imos ver que nos contesta outro grupo da clase para coñecer algo máis:

-Gustouche a obra?

Si, gustoume moito, dende o principio ata o final foi entretida.

-E a ti, cal foi a parte que máis che gustou?

✓ O que máis me gustou foi cando apareceu a serpe no brazo de Xurxo.

-Aprendiches algo con ela?

✓ Si, aprendín que o mellor tesouro non é o diñeiro senón a amizade ou o amor.



Aquí o tesouro era unha persoa, unha amiga del.



-Cal foi o teu personaxe preferido?

✓ A serpe.

-Que nota lle porías a esta obra?

✓ Poñeríalle un **sobresaliente** porque tratou moitos temas de modo gracioso e tamén fixeron que o público participara.

-Pareceuche graciosa?

✓ Si moito, sobre todo escoitando os sons que emitían para arrastrar unha pedra que taparía a cova da serpe.

-E a ti, pareceuche orixinal?

✓ Si, era diferente a outras obras que vimos, había moitas cancións, participou o público e contaron feitos fantásticos.

En resumo, a nós encantounos esta obra e ao igual ca o outro grupo tamén vos deixamos ao final uns debuxos no que se reflicten algúns momentos.





E por último celebramos **O MAIO**, digamos que durou tres días, dende o 30 de abril ata o 2 de maio, queredes saber por que?

Pois porque se empezou a facelo o día 30, o día 1 expúxose na Ferrería e o día 2 celebrámolo no cole. Basicamente fixeron o maio os alumnos de 6º e os de 4º fomos velo. Agora...Veña... os compañeiros que faltades contádenos algo...

- **A ver... que foi o que máis che gustou?**

✓ A min a decoración.

- **Hai algún traballo que fixeras ti?**

✓ Si eu vin a tarde anterior a coser flores e ovos, había bastante xente, e miña nai tamén colaborou.

- **Que foi o máis divertido para ti?**

✓ O rap foi o que máis graza me fixo.

- **E a ti que foi o que máis che gustou?**



A min por suposto a coroa, estaba fermosísima. Foi construída manualmente, din que a elaborou unha única persoa.

- **Destacariades algo máis ti?**

Pois si, que me fixo moita ilusión que cantaran a miña copla.

Para min foi moi divertido. O



día 2 fomos escoitalo ao patio. Primeiro fixeron unha canción do maio con ritmo rap. Despois fixérono normal. Cando remataron

de cantar actuaron algúns de 6º C e mais de 6º B e fixérono bastante ben. Os de 3º curso tamén cantaron o maio e o fixeron moi ben. Creo que todos o pasamos xenial.

➤ A canción foi moi divertida aínda que un pouco curta. Foi moi chula e apaixonante, expresaba alegría. Foi tamén unha protesta contra os recortes do goberno.

❖ O maio foi bonito, expresaba totalmente a alegría da primavera, tiña flores moi variadas e vistosas.

○ A min fíxome moita ilusión que as coplas que fas ti mesmo se cantan no maio.



Con isto poñemos fin a este artigo de opinión. Despedímonos do ciclo e despedímonos de vós esperando que vos guste o que escribimos e desexándovos que pasedes un **BO VERÁN**.

ALUMNOS E ALUMNAS DE 4º B.

(Na seguinte páxina tedes unha actividade sobre o artigo)



Aquí vos deixamos uns debuxos sobre estas tres actividades, seredes quen de adiviñar cal corresponde a cada unha? Une con frechas:




NA PERCURA DO TESOURO

26 DE ABRIL



O MAIO



1 DE MAIO

MALAS PALABRAS

28 DE FEBREIRO



BO VERÁN A TODOS OS LECTORES!

4º B




Excursión de 4º a Porto



Alguns momentos máxicos da excursión, bailando A Carrasquiña (primeiro ensinámoslles e logo danzamos con eles), paseando e xogando polos Xardíns do Pazo de Cristal, gozando con nenúfares, merendando na área de servizo de Barcelos, e cantando e contando chistes no autobús. En resumo un día inesquecible cos amigos de Portugal.



Trotacontos



Trotacontos de primaria



Trotacontos de infantil



Dous Trocacontos, "O sunami..." e "Unha mancha de auga", feitos por sete colexios de Pontevedra (Campañó, Lerez, Xeve, Marcón, Verducido, Fina Casalderrei e Campolongo) andaron nas bibliotecas escolares na man de Raquel Queizás . Ó final os nenos levaron cadanseu conto máxico para ter un bonito recordo dun traballo colectivo.



XIX Edición PONTE NAS ONDAS



PONTE...NAS ONDAS! é unha experiencia educativa que se vén desenvolvendo desde o ano 1995 grazas á cooperación entre escolas de primaria e secundaria de Galicia (España) e do norte de Portugal, coa participación de centros educativos doutros países de África e América.

O funcionamento básico de **Ponte...nas ondas!** foi evolucionando en cada edición. O esquema de preparación mantense esencialmente por parte do profesorado. Todo arrinca co comezo do curso: o profesorado representante das escolas que van tomar parte na edición manteñen reunións para decidir o tema central que se proporá aos participantes e os primeiros pasos que hai que ir dando. Logo vén o traballo nos centros co alumnado: animalos a que participen na radio escolar ou na elaboración dun programa audiovisual.

Documentais Presentados polo noso centro neste curso

1- A Festa dos Maios 2- Enredos 3- Instrumentos musicais 4- O Magosto 5- Xogos con canción



A FestaDosMaios



Enredos_CEIP_Campolongo



Instrumentos-musicais



O-Magosto-Unha-chea-de-enredos



Xogos_con_cancion



<http://tv.uvigo.es/gl/serial/1747.html>

<http://enredoscampolongo.blogspot.com.es/>



Premio Leixaprén

A nosa escola foi a elexida para darlle o **Premio Leixaprén** da CGEDNL (Coord. Galega de Eq. de Dinam. e Normal. Ling.) a **Javier Gómez Noya, gañador, entre os catro elexidos nesta II Edición a nivel Galego**. A votación fíxose entre máis de 50 centros de toda Galicia. O día elexido para o evento foi o último día deste curso, o **21 de xuño** de 2013. **Velaquí os 4 candidatos:**



JAVIER GÓMEZ NOYA. Fillo de emigrantes galegos, criouse na cidade de Ferrol, onde reside, e adestra en Pontevedra, onde está o Centro Galego de Tecnificación Deportiva. Triatleta de enorme prestixio mundial, é un dos maiores referentes do deporte galego na actualidade. Participou nos Xogos Olímpicos de Pekín e de Londres, en 2012, onde acadou a medalla de prata. Foi campión do Mundo en tres ocasións, as mesmas que foi tamén campión europeo. Pertence ao Club de Triatlón Cidade de Lugo Fluvial.

Gómez Noya utiliza o galego habitualmente en medios de comunicación, charlas e manifestacións públicas, e ten defendido publicamente o valor e importancia do uso da nosa lingua.



PILAR NEIRA MARTÍNEZ. Criouse na cidade da Coruña. Foi xogadora de balonmán e de fútbol. Comezou como futbolista en 1976 no histórico Karbo CF da Coruña, co que acadou tres campionatos de España. Tamén xogou no Marabillas e no Brigantium. A súa carreira como adestradora de fútbol desenvolveuna nos clubs Orzán e Imperator, e actualmente dirixe o clube Victoria. Foi designada adestradora de da selección galega de fútbol feminino, disputando dende aquela varios encontros internacionais. Firme defensora do deporte feminino, e presidenta e fundadora da Asociación de Mulleres Deportistas de Galicia. Criada nun ambiente social e familiar no que o galego estaba ausente, desenvolve actualmente toda a súa vida persoal e pública no noso idioma, sendo unha firme defensora do seu uso en todos os ámbitos.



GUSTAVO CESAR VELOSO. Ciclista profesional. Comezou a súa carreira con innumerables vitorias como corredor afeccionado. Na súa etapa profesional, iniciado en 2001 pasou por diferentes equipos do Estado Español e Portugal, até que en 2007 ingresou no único equipo galego deste rango, o Karpin Galicia, despois Xacobeo Galicia. Nesta xeira, obtivo os seus mellores trunfos, vencendo na Volta a Catalunya 2008 e acadando a novena etapa da Volta a España 2009. Hoxe en día forma parte do equipo profesional Andalucía. Gustavo utiliza habitualmente a lingua galega, tanto nas súas manifestacións públicas e en medios de comunicación, como nas numerosas charlas e coloquios aos que é convidado, especialmente nos centros de ensino galegos ou asociacións e centros culturais



VERO BOQUETE. Considerada unha das mellores futbolistas do mundo na actualidade, comezou a súa traxectoria deportiva no Xuventú de Aguiño en 2001. Xogou posteriormente no Prainsa Zaragoza e no RCD Espanyol de Barcelona, onde comezou a acadar sona como dianteira. A partir de 2010 comeza o seu periplo mundial en clubs estadounidenses e rusos, e hoxe milita no equipo sueco, participante na Champions, Tyresö FF. Acadou diversos títulos estatais e internacionais e forma parte da selección española de fútbol. Tamén, desde 2007 é a abandeirada da selección galega de fútbol, sendo unha firme defensora da súa existencia. Verónica utiliza a lingua galega en manifestacións públicas, medios de comunicación, ou charlas divulgativas, en diferentes entidades do país.

A NOSA BIBLIOTECA



Durante este curso Xafi invitounos a participar nun montón de actividades:

DIA INTERNACIONAL DA BIBLIOTECA

Representamos o conto de Cocorico para o alumnado de infantil e primeiro ciclo na biblioteca



E fixémoslo moi ben!



E comemos biscoito! ...Mmm!

LEO, LEO... QUE LES?



Canto nos gusta ler!

Que chulos estamos nestas fotos!

Sós ou en familia





O TENDAL DA POESÍA



Pon poesía na túa vida e non esquezas compartila



E convertémonos en ilustradores de poemas que colgamos no tendal



Canas poesías colleccionamos!

OS PEQUENOS ESCRITORES



Escribimos e ilustramos contos maravillosos



Algún día seremos escritores



AS ADIVIÑAS DE 6º B

É un animal sobrenatural
que vive baixo o mar
que perdeu a súa voz de cantar
para se namorar.

(A sereia) Esteban Doporto 6º B



Por alí vai a familia
que saíu a pasear,
ao chegar á súa casa
sorpresa se atoparán.

(Os tres osos) Daniel fortes 6º B

Sempre vai moi ben vestida
non deixa de traballar
cando atopou a moeda
xa se foi algo a mercar.

(A ratiña presumida)
Fátima Loureiro 6º B



Malvada e celosa
a máis bela quere ser
pero alguén a supera
e quere facela morrer.

(A bruxa de Branca de Neve)
Patricia Fariña 6º B

Ten un corpo de madeira
de carne el quere ser,
está feito un mentireiro
e un nariz moi grande tén.

(Pinocho) Antonio Dacosta 6º B




AS MENTIRAS DE 6º B



Encontreime unha cerdeira,
cargada de mazás,
tireille pedras
caeron abelás. Paloma Larios 6ºB

Heiche contar unha mentira
unha mentira mentireira,
da laranxeira saen peras
e laranxas da pereira. Jorge García Balea 6ºB



Polo mar nadan os coches
pola estrada peixes van.
Por debaixo van os avións
e os metros voando están. Juan Estévez 6ºB

Sementei na miña horta
unha pataca moi vella
e naceume unha cabra
cunha leituga na orella. Esteban Doporto 6ºB



Estaba na cocina
xogando coa veciña
dicindo que tiña os deberes
cando non os tiña. Sara Lorenzo 6ºB

Semente que sementei
parecía unha xudía
co cigarro a queimei
e deixou de ser miña amiga.
Pablo Domínguez 6ºB

Eu teño unha cadela
que lle gusta xantar
chocolate
con nata montada
e aguacates. Carlota Da Silva

Plantei unha galiña
plantei un lobo
e naceume un tomate
en vez dun ovo. Marcos García 6ºB



ENCRUCILLADO DE TERCEIRO C

Cobre os ocos e poderás completar o encrucillado

1. As palabras que están formadas por dúas ou máis palabras simples chámanse _____.
2. As sílabas que non son tónicas son _____.
3. Os _____ son palabras que nos indican o lugar de procedencia dunha persoa.
4. As palabras que teñen a sílaba tónica na penúltima posición denomínanse _____.
5. Os _____ expresan accións.
6. O, o, os, as, son _____.
7. O _____ serve para nomear persoas animais ou cousas .
8. "Meu " é un determinante _____.
9. Grazas a elas podémonos comunicar.



SOPA DE LETRAS



Descobre dez nomes relacionados cos transportes.

3º C

M	A	R	I	T	I	M	O	E	D	E	G
T	F	A	E	R	E	O	X	U	R	A	U
E	M	L	X	N	O	E	N	A	G	D	I
R	L	F	D	T	R	X	V	E	P	L	N
R	B	F	O	A	E	I	N	S	X	Z	D
E	O	M	U	R	O	F	D	T	T	O	A
S	C	O	C	N	E	O	B	R	D	C	S
T	V	E	S	P	E	I	R	A	O	R	T
R	V	C	O	C	H	E	F	D	H	A	R
E	P	I	S	T	A	S	T	A	N	B	E



Bicicleta co Medio Ambiente



Outro día de festa gozando na XI Edición da Marcha Ciclista do CEIP Campolongo. a ANPA como fai todos os anos organiza esta actividade celebrando o Día Mundial do Medio Ambiente (2 de xuño).

A carreira foi moi divertida. No remate houbo un pequeno refrixerio e un pouco de baile para soltar as pernas. Os alumnos de sexto ofreceron tamén deliciosos doces para recadar fondos para súa próxima viaxe, ademais se sortearon uns agasallos e regaláronse camisetas doadas polo concello





CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN

ANPA San Xosé CEIP Campolongo

Avda. Xeneral Rubín, 3 36001 Pontevedra. TLF. 635651616

CIF: G36018364 sanxosecampolongo@yahoo.es



MEMORIA DO CURSO 2012- 2013 DA ANPA DO CEIP CAMPOLONGO

FAMILIAS SOCIAS: 323

ALUMN@S SOCI@S: 402

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Fóra do centro:

- PISCINA: primeiro cuadrimestre 67 prazas cubertas, no segundo 53.

No propio centro, participaron 120alumn@s nas seguintes actividades:

- ARTESANÍA: asistiron 6 alumn@s.
- DEBUXO E PINTURA: asistiron 8alumn@s.
- BALLET: asistiron 16 alumnas.
- XIMNASIA RÍTMICA: asistiron 10 alumnas.
- PATINAXE: asistiron 25 alumn@s.
- TAEKWONDO: asistiron 11 alumn@s.
- BALONCESTO: asistiron 10 alumn@s.
- TENIS: asistiron 12 alumn@s. FÚTBOL: asistiron 23 alumn@s.
- ATLETISMO: asistiron 12 alumn@s.
- TEATRO:Asistiron 6 alumnos
- ÁBACO:método de aritmética mental con ábaco

FESTAS ORGANIZADAS POLA ANPA

- FESTA DO NADAL E VISITA DE PAPA NOEL
- FESTA DE SAMAÍN
- FESTA DO ENTROIDO
- FESTA DO DEPORTE
- XI MARCHA CICLISTA CELEBRANDO O DÍA DO MEDIO AMBIENTE O 2 DE XUÑO
- FESTA DE FIN DE CURSO

COLABORACIÓN CO CEIP CAMPOLONGO NAS ACTIVIDADES:

- MAGOSTO
- EXALTACIÓN DA CAMELIA
- FESTA DOS MAIOS
- REVISTA ESPERPENTO

SAÍDAS FINAL DE CURSO:

Educación infantil: visita ao parque Atalaia

Primeiro de primaria: visita a Apópolis

Segundo e Terceiro de primaria: visita ao Parque Arquelóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro

Cuarto de primaria: visita a Porto

Quinto de primaria: visita aos castros de Baroña e Neixón

Sexto de primaria: visita á Casa das Ciencias, Domus e Acuario (A Coruña)





REMATA O CURSO

Achégase o fin de curso rematamos a Primaria para o ano que vén comezamos Secundaria.

Exames e xogos seis anos así nunca o pasaremos tan ben como aquí.

Deixaremos todo atrás pero moi ledos á vez este é un novo camiño con moitas sorpresas, tal vez.

Botaremos de menos o colexio e o que vivimos nel porque foi todo xenial un bo recordo levamos del.

Texto: Patricia Fariña Dapena 6° B
 Debuxo: Marcos García Louzao 6° B





PEREGRINA DE SAA RODRÍGUEZ
 ANTONIO FERRER MOREIRA
 PILAR DE CASTRO GARCÍA
 SEBASTIÁN VILAS GONZÁLEZ
 JOSÉ MANUEL SÁNCHEZ MOURE
 JOSÉ MANUEL CARRAL FERRADAS
 XABIER BARRIOS CASTRO
 M^{rs} RAEL GARCÍA TORIÓ
 ELISA GONZÁLEZ VILLAR
 M^{rs} LUISA TABOADA RIVADILLA

CEIP "CAMPOLONGO"

PONTEVEDRA



CLARA ARAB DE LA CIERVA
 DANIEL ABOAL OSORIO
 IRIA ALÉN CAAMAÑO
 SABELA ALVAREZ LARIÑO
 LAURA BACARIZA BALTASAR
 CARLA BALVÍS RICOY
 PABLO BARRAGANS SÁNCHEZ
 IAGO BARREIRO HERMIDA
 JOAQUÍN BERMÚDEZ LÓPEZ
 LUIS GUILLERMO BOIZAS AZCUETA
 ANA BREA RIVAS
 JACOBO CAMPOS CUIÑA
 NOA CANOSA PARDOS



JUAN OLIVOS LORIDA
 XABIER MAQUEDA ALVAREZ
 MARÍA JIMÉNEZ GARCÍA
 DAVID GONZÁLEZ ARAIJO
 ALONDRA FATIMA GARCÍA VILLAR

6º PRIMARIA

2012 - 2013



ANITA CORDERO RODRÍGUEZ
 NEREA CERNADAS MGAURIÑO
 ANITA CENTENO BARREIRO
 MARÍA CARRAL AL ARAIJO
 SERGIO CARRAJO PÉREZ



PABLO SANTIAGO FERREIRA
 LAILA ZEROUAL
 PABLO ANDIÓN CALDERA
 JUAN CAMILO BALLESTEROS COLLAZOS
 ROBERT ABRÍAN MARIEN CAMPAN
 MENCIA CERNADAS FERREIRA
 VÍCTOR COVELLO OTERO
 CARLOTA DA SILVA RUANO
 ANTONIO DACOSTA FOCIÇOS
 GONZALO DOMÍNGUEZ CHAPELA
 PABLO DOMÍNGUEZ SEOANE
 ESTEBAN DOPORTO FERNÁNDEZ
 JUAN ESTÉVEZ FERNÁNDEZ
 PATRICIA FARINA DAPENA
 DAVID FERNÁNDEZ CENTENO



CARLA PINAMULAS
 JACORO MARQUEZ RAMÍREZ
 FÁTIMA LOUREIRO MIRAGAYA
 SARA LORENZO REDONDO
 PALOMA LARIOS PARDILLA
 JORGE GONZÁLEZ GUERRERO



MARCOS GARCÍA LOUZAO
 PABLO GARCÍA FOCIÇOS
 JORGE GARCÍA BAILEA
 JOSÉ FRAMIL DE PAZ
 DANIEL FORTES IGLESIAS
 FERNANDO FERNÁNDEZ MUIÑOS



INÉS CORTEGOSO BUIÑOSO
 JORGE MANUEL FERNÁNDEZ DE TALA
 CARLOS FUERTES SÁNCHEZ
 ALEJANDRO HERNÁNDEZ FERREIRA
 CARLOTA OLIVARES FOCIÇOS
 ANNOA OTERO NAVARRO



JUAN MANUEL PALACIOS MONTAGUDO
 LEIS PARDO BALDÍE
 ARSENIO PEDRE SANMARTÍN
 JOAO LUCAS PÉREZ DE MEDEIROS
 JAVIER PIAY RODRÍGUEZ
 ANTON FICHEL GÓMEZ



SARA VILLAR CASALDERREY
 VÍCTOR VELASCO FERREIROS
 PATRICIA VÁZQUEZ PÉREZ
 SERGIO TORRES RODRÍGUEZ
 DAVID SINEIRO BARREIRO
 GABRIEL ALEJANDRO ROSALES LEVIN
 GUILLEMO RÍGUEZ DE JESÚS TORRES
 EDEN RIVAS VILAS
 MARTÍN RIVAS TAVARES
 ALEJANDRO REVENGA SIERRA
 LIA REFOROS PELETEIRO
 ENIA POUSEU BLANCO
 JONÉ POUSA PASTORIZA



ROSALÍA
"Sempre Viva"



Sabela Álvarez 6ºA
COPIN 2019-2020



Roberto Vidal Bolaño

